

## TRANSTORNO CON DÉFICIT DE ATENCIÓN CON OU SEN HIPERACTIVIDADE

Resumo das conclusións obtidas do seminario permanente *Biblioteca Escolar e NEE: dislexia e hiperactividade*, do IES San Paio.

O TDA pode vir acompañado con hiperactividade e/ou impulsividade ou non. Como estas últimas son máis fáciles de detectar, se un neno ten unicamente problemas de déficit de atención, facilmente pasará desapercibido.

### 1- **En que consiste?**

Ten unha base física, unha parte do cerebro, a parte frontal, é preguiceira e non axuda a centrarse. Por iso algúns destes nenos reciben medicación, non para calmalos, senón para estimulalos. Con isto se consegue que esa parte do cerebro esperte e comece a “colaborar” máis.

#### 1.a- **O déficit de atención.**

O neno non é capaz de estar na aula moito tempo e o seu pensamento evádese, polo que se perde parte das explicacións. Está ausente, non copia ou faino parcialmente. No tránsito do taboleiro ao seu caderno perdera información sen ser consciente diso, polo que os seus cadernos son anárquicos.

Confundirémolo cun neno limitado ou moi vago.

Nos exames teñen tendencia a bloquearse e non ser capaces de pasar a outras preguntas ou ben non oen o que teñen que facer nese exame.

En casa custaralle centrarse en temas que non lle interesan, así que a típica desculpa de pai “estudou para o exame comigo”, ás veces é certa e para estes pais é frustrante, que non poidamos distinguir cando é desculpa e cando é verdade.

#### 1.b- **Impulsividade.**

Cústalle agardar e pode entrar en conflito cos compañeiros; sempre vai estar coa man erguida, prefire levar unha bronca con tal de que lle prestes atención. En ocasións collerá unha teima algo irracional. Confundirémolo cun neno caprichoso ou maleducado.

#### 1.c- **Hiperactividade ou hiperquinesia.**

Non para. Non o confundiremos con nada.

### 2- **Negativismo desafiante.**

É frecuente a presenza doutros trastornos asociados e a metade de nenos con TDAH teñen asociados síntomas deste trastorno: non cumpren as normas, encolerízanse, móstranse hostís, molestan, son suceptíbeis, rencorosos... Isto ten relación coa súa baixa autoestima, derivada do pouco partido que obteñen do seu esforzo e que ocultan cunha actitude defensiva. Néganse a participar nun “xogo” no que saben que van perder para ocultar o seu fracaso.

### 3- Que facer?

#### 3.a- Na aula.

- Ante todo moita calma e algo de man esquerda.
- Confirmar o diagnóstico, no vaia ser deses nenos que os pais desculpan cun TDAH inexistente, que na realidade esconde a falta de control e disciplina con que o educaron.
- Colocalo lonxe de fontes de distracción (as xanelas), próximo á túa mesa para devolvelo ao mundo, cando sexa necesario.
- Marcalo de cerca, pero sen poñelo en evidencia, porque el non axudará.
- Na medida do posible fraccionar os traballos e que as ordes sexan breves e claras.
- O uso de esquemas axúdalles bastante.
- En canto á disciplina, son sensibles á felicitación, un premio como prestarlle atención, etc.
- Cando co seu comportamento está molestando, podes avisalo de que non lle vas prestar atención. En cambio, cando cese a molestia, podes felicitalo e encomendarlle algunha tarefa que implique responsabilidade.
- O control da axenda. Como adoita estar incompleta, o seu control é a forma que temos de garantir que saiban o que teñen que facer ou que os pais poidan axudalos.
- Se hai un alumno amigo no que ten confianza, pode ser de gran axuda, para completar as lagoas, que poida ter. Se se pode incentivar a súa colaboración.

#### 3.b- Os exames:

- Responden mellor nos exames orais. Ante a estrañeza ou protesta doutros alumnos ou pais, lembremos que non é un privilexio, existe a obrigaón de atender á diversidade na aula.
- Estar pendente nos exames por se se bloquea nalgunha pregunta.
- Teñen tendencia a non ver partes, polo que cando se lles van dando as preguntas cun tempo para contestar, antes de pasar á seguinte os resultados son mellores.
- Unha opción simple é dividir o exame en dúas follas e dar tempo para contestar a primeira antes de dar a segunda.
- Cando unha pregunta ten máis de un apartado o normal é que só fagan o primeiro.